



CONCELLO DE POIO

Ref: MC (Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS CORENTA REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E SETE DE XULLO DE DOUS MIL DEZ.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do día vinte e sete de xullo de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. M^a Luz Senra Lorenzo, D. Xose L. Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D^a. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D^a. Irene Ligerio Iglesias, D. Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; actuando como Secretario o do Concello D. Jacobo Barreiro Pimentel e como interventora D^a. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3409.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 29 XUÑO DE 2010.- De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación da acta anterior da sesión ordinaria realizada o 29/06/2010, núm. 439, a que quedou aprobada por unanimidade.

3410.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "3396.-PERSONAL, DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO SECRETARÍA XERAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3397.-PATRIMONIO, RECURSO DE REPOSICIÓN CAMIÑO DA COSTA, CAMPELO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos interesados; 3398.-PROPOSTA DA XUNTA DE VOCEIROS DESTE CONCELLO DE POIO EN REUNIÓN REALIZADA O DÍA 2 DE XUÑO DE 2010 SOBRE REDUCIÓN RETRIBUCIÓNS A CARGOS POLÍTICOS.- Uniuse certificación do

acordo ao expediente e comunicouse a intervención; 3399.- RATIFICACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO CAMBIO DE FINALIDADE DE PARTE DO EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á intervención; 3400.-MODIFICACIÓN NÚMERO 12/2010 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse anuncio ao BOP de Pontevedra; 3401.-MODIFICACIÓN NÚMERO 13/2010 DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.-Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse anuncio ao BOP de Pontevedra; 3402.-MODIFICACIÓN NÚMERO 14/2010 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse anuncio ao BOP de Pontevedra; 3403.-APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚMERO 12 CORRESPONDENTE ÁS OBRAS DA CASA DE CULTURA DE RAXÓ DE ARIAS HERMANOS, SL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á empresa; 3404.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE REXEITAMENTO AO ANUNCIO DO GOBERNO POLO QUE SE PROPÓN A CONXELACIÓN DAS PENSIÓNS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo; 3405.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O REXEITAMENTO A QUE SE SITÚE EN TERREOS DESTE CONCELLO DE POIO A PLANTA INCINERADORA DO SUR DE GALICIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Xunta de Galicia; 3406.-MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NA CORPORACIÓN CONTRA OS RECORTES SOCIAIS APROBADOS POLO GOBERNO DO ESTADO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo; 3407.-SERVIZOS SOCIAIS, DAR CONTA DA EMENDA EXPEDIENTE PLAN CONCERTADO/ Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse a Consellería; 3408.- MOCIÓN DO BNG SOBRE PROXECTO PARA O TRAMO DA PO-308 COMPRENDIDO ENTRE ANDURIQUE E A SECA E "PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIAL E URBANIZACIÓN NO TRAMO COMPRENDIDO ENTRE COVELO E RAXÓ".- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse copia a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas."

A Corporación dáse por enterada.

3411.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Dáse conta á corporación das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos concelleiros/as xunto cos demais asuntos que compoñen a orde do día.

A corporación dáse por enterada.

3412.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE REVISIÓN PREZO

PÚBLICO DE RECOLLIDA DE RSU EJERCICIO 2010, CESP, SA.- Dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de xullo de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta á comisión do expediente tramitado a instancia de D. Francisco Javier Gallego Useros en representación de Cespa, S, concesionaria do Servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos en todo o municipio e o seu transporte a un centro de tratamento, limpeza viaria e desratización, no que se solicita a revisión dos prezos da concesión antedita para o exercicio 2010.

Consta no expediente informe emitido pola Interventora Municipal con data 14 de xullo de 2010, no que pon de manifesto que a remuneración para o ano 2010 ascende a un total de 573.690,93 € (sen IVE) o que supón un incremento con respecto ao ano 2010 de 13.362,25 €.

O Sr. Barreiro Lubián di que o incremento non é moi alto debido ao incremento do IPC, que foi menor.

A Comisión por 5 votos a favor (3 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao pleno a súa aprobación."

Non subscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP acordou

Primeiro: Aprobar o incremento de prezos da concesión do servizo de recollida RSU e limpeza viaria de CESP por un importe de 13.362,25 € (sen IVE), con respecto ao prezo do exercicio 2009, de conformidade co informe emitido pola Interventora Municipal de data 14 de xullo de 2010.

Segundo: Comunicar este acordo á empresa concesionaria CESP con indicación dos recursos que procedan.

3413.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS, D. DIEGO PIÑEIRO GÓMEZ.- Dáse conta á corporación polo Secretario presente na sesión do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de xullo de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente tramitado a instancia de D. Diego Piñeiro Gómez mediante instancia presentada no Rexistro Xeral do Concello de Poio de data 25 de xaneiro de 2010, núm. 365, no que solicita a exención do 95% da cota do ICIO segundo o establecido no artigo 4.5 d) da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras

correspondente ao expediente 14/2010, de urbanismo, de rehabilitación das edificacións sitas en rúa do Mar, 46 e rúa San Roque, 71 de Combarro.

Consta no expediente informe favorable da Interventora Municipal de data 25 de xuño de 2010.

A comisión por unanimidade acordou ditaminar favorablemente e propor ao Pleno a aprobación da bonificación do 95% nas cotas do ICIO correspondente ao expediente de urbanismo 14/2010, polas obras anteditas."

Non subscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por unanimidade dos membros presentes presta aprobación ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a Bonificación do 95% na Cota do ICIO correspondente ao expediente de urbanismo número 14/2010 de D. Diego Piñeiro Gómez.

Segundo: Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención e ao interesado con indicación dos recursos que procedan contra o devandito acordo.

3414.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 15/2010 EN MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO E PROPOSTA CAMBIO DE FINALIDADE DE REMANENTE.- Dáse conta á corporación polo Secretario presente na sesión do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de xullo de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente tramitado a proposta da alcaldía de data 01 de xullo de 2010, no que co motivo da aprobación da factura número 100385 de HPC Ibérica por Reparación do parque infantil de Combarro, por importe de 9.263,82 €, para o que non dispón de crédito, propón a aprobación dunha Transferencia de Crédito consistente na minoración da aplicación orzamentaria 171.60900 dispoñendo do remanente de crédito mencionado no importe de 9263,82 € co fin de incrementar a aplicación 171.61900.

Consta no expediente informe da Interventora Municipal de data 05 de xullo de 2010.

Non subscitándose debate ningún, a comisión por 6 votos a favor (4 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente e propor ao pleno a adopcións dos seguintes acordos: 1º) Levantar ao reparo de insuficiencia de crédito emitido pola Intervención Municipal. 2º) Aprobación da modificación orzamentaria número 15/2010 mediante transferencia de crédito con

remanente de tesourería mediante cambio de finalidade.”

Non subscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e sete abstencións do PP presta aprobación ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar ao reparo de insuficiencia de crédito emitido pola Intervención Municipal.

Segundo: Aprobar a modificación orzamentaria número 15/2010 mediante transferencia de crédito con remanente de tesourería mediante cambio de finalidade.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3415.- MOCIÓN DO BNG PARA A RETIRADA DO CANON DA AUGA RECOLLIDO NO PROXECTO DE LEI DE AUGAS DE GALIZA.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta á corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de xullo de 2010 e que di o que segue: “Dáse conta á comisión da moción presentada por D. Xulio Barreiro Lubián en calidade de voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego presentada no Rexistro Xeral do Concello de Poio con data 13 de xullo de 2010 sobre o canon recollido no proxecto de lei de Aguas de Galiza e no que tras unha ampla exposición de motivos remata solicitando a adopción do seguinte acordo.

1º.- Solicitar do goberno galego a retirada do proxecto de Lei de augas de Galiza e elaborar un novo proxecto de lei que sexa sometido á consulta pública. Debendo recoller as seguintes cuestións:

a).- Cumprimento da Directiva Marco da auga e inclusión de todos os seus preceptos.

b).- Garantir o acceso ao ciclo completo da auga a todos os cidadáns e cidadás de Galiza en igualdade de condicións.

c).-Garantir unha fiscalidade progresiva para a auga en Galiza que de ningún xeito supoña un incremento da carga impositiva na situación actual de crise pola vía dos impostos indirectos.

d).- Regulación e ordenación dos usos da auga que recolla todas as peculiaridades do territorio galego e do acceso á auga, de xeito que se garanta que a auga sexa un servizo universal das galegas e dos galegos.

e).- Ter en conta unha regulación dos usos industriais da auga que garanta o uso sostíbel do recurso e unha xestión

transparente do canon industrial do uso da auga.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido da moción e manifesto que se trata dun sistema que é inxusto e pouco progresista e incrementará o custo para as familias e non se incrementa o custo para as empresas que ao final son as que contaminan. Todo o que se vai recadar con este incremento se se aplicase correctamente ás empresas recadaríase o mesmo.

A Sra. Besada Lores manifesta que o seu grupo municipal vai votar a favor da moción, porque están de acordo.

O Sr. Piñeiro Murillo di que con este canon o que se está a facer é unha subida dos impostos.

O Sr. Martínez Moldes di que non están de acordo e que o votarán no pleno.

Sometido a votación a comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, 4 votos en contra e ningunha abstención acordou ditaminar favorablemente dita moción e propor ao pleno a súa aprobación cos puntos que se recollen no texto."

Comeza a quenda de deliberacións o Sr. Barreiro Lubián na que pon de manifesto que a moción que se presentou é moi similar a unha xa tratado nun pleno anterior do mes de novembro do 2009, sobre o proxecto de lei do canon de saneamento, que vai plantexada dunha forma universal para todos (non nos parece mal), pero supón uns incrementos na taxa que non son graduais.

Non parece normal que aqueles que non dispoñen de saneamento teñan que pagalo.

Ás familiar suporalle un incremento por enriba do 100%, os usos comerciais e industriais teñen un incremento superior, pero pola contra detectamos actividades que deberían de pagar máis.

O Partido Popular critica ao grupo municipal por incrementar ás taxas nos servizos municipais, por iso, pensamos que o PP vai votar a favor desta moción.

No pleno de novembro díxose que era un anteproxecto que se ía negociar coa FEGAMP e agora vemos que foi aprobado, daquela acusáronnos de asustar aos veciños.

A Sra. Besada Lores di que o seu grupo vai apoiar a moción presentada, tendo en conta a exposición realizada polo Sr. Barreiro e ademais por considerar que se trata dunha subida abusiva.

A Sra. Nieto García manifesta que non poden apoiar a moción xa que coa aprobación do canon o que se pretende é

dar cumprimento a unha directiva marco que agora mesmo está en trámite parlamentario e ahí é o momento de presentar emendas e alegacións ao texto.

O texto contempla unha tarifa establecida por tramos de consumo e bonificacións e conta cunha regulación dos usos industriais.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que a exposición de motivos do PP parece un esperpento. Cando o concello de Poio aplica unha subida do 3% ou do 1% non sei porque o PP non vota, parécenlle abusivas, sen embargo agora propoñen unha subida, que en casos supón o 600%.

Aos comercios ou locais pequenos vaille supor un incremento do 640% porque lle establecen unha tarifa fixa.

No trámite parlamentario xa se presentaron emendas para a súa retirada.

O saneamento é unha problemática que debería estar solucionada hai 20 anos en Poio, por iso se puxo a disposición da Xunta unha serie de terreos, pero segue sen facerse. Agora están calados, xa non piden terreos, haberá acudir a instancias europeas como foi o caso de Vigo e deixar á Xunta de Galicia en evidencia.

A Sra. Besada Lores di que parece dun cinismo excesivo a aprobación deste canon pola Xunta e será recaudada polos Concellos. Para os veciños esta subida será aplicada polo Concello, que será a onde veñan reclamar.

O Sr. Piñeiro Murillo quere reiterar o manifestado na comisión informativa de facenda no que puxo de manifesto que se trata dunha subida de impostos en toda regra e despois o PP dicía que quería baixar os impostos.

Unha vez rematada a quenda de intervencións e unha vez sometido á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de xullo de 2010 este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

1º.- Solicitar do goberno galego a retirada do proxecto de Lei de augas de Galiza e elaborar un novo proxecto de lei que sexa sometido á consulta pública. Debendo recoller as seguintes cuestións:

a).- Cumprimento da Directiva Marco da auga e inclusión de todos os seus preceptos.

b).- Garantir o acceso ao ciclo completo da auga a todos os cidadáns e cidadás de Galiza en igualdade de condicións.

c).-Garantir unha fiscalidade progresiva para a auga en

Galiza que de ningún xeito supoña un incremento da carga impositiva na situación actual de crise pola vía dos impostos indirectos.

d).- Regulación e ordenación dos usos da auga que recolla todas as peculiaridades do territorio galego e do acceso á auga, de xeito que se garanta que a auga sexa un servizo universal das galegas e dos galegos.

e).- Ter en conta unha regulación dos usos industriais da auga que garanta o uso sostíbel do recurso e unha xestión transparente do canon industrial do uso da auga.

3416.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DO SISTEMA GALEGO PÚBLICO DE SERVIZOS SOCIAIS.- Polo Sr. Secretario presente na sesión dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de xullo de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta á comisión da moción presentada por D. Xulio Barreiro Lubián en calidade de voceiro do Grupo Municipal do Bloque Naciolista Galego no Rexistro Xeral do Concello o 13/07/2010, nº 4148 sobre o sistema galego público de servizos sociais no que tras exposición de motivos remata solicitando a adopción do seguinte acordo:

1º. Instar á Xunta de Galiza a que poña en marcha o desenvolvemento pleno da lei de servizos sociais de Galiza, en vigor dende o 18 de marzo de 2009, na que se definen os servizos sociais como un sistema público, xunto coa educación, a sanidade e a seguridade social; na que se recoñece o dereito aos servizos sociais como un dereito das persoas, do conxunto da poboación; e que obriga a incluír nos orzamentos anuais da Xunta e das entidades locais as partidas necesarias para o seu financiamento.

2º.- Instar á Xunta de Galiza que concrete o citado desenvolvemento nos seguintes aspectos:

- Implantación da Tarxeta Social Galega, de carácter persoal que acredita como titular do dereito ao acceso aos servizos sociais. Posta en marcha do expediente social básico único para axilizar no ámbito dos servizos comunitarios, e do Mapal Galego de Servizos Sociais.

- Posta en marcha do Catálogo de servizos sociais integrado polo conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións.

- Revisión urxente da regulación da renda de integración social de Galiza, de xeito que garanta ás persoas en situación de risco de exclusión social o dereito a un mínimo vital en función das características do núcleo de convivencia e o dereito a unha oportunidade real de inclusión socio laboral. E elaboración da lei galega de inclusión social.

- Conoslidación da rede de oficinas comarcais de servizos específicos que indidan nas situacións de exclusión e desigualdade social.

- Consolidación da xestión pública dos centros de atencións xerontolóxicas que atenden a persoas en situación de dependencia ou en risco de padecela, en particular a rede de centros de día.

- Constitución inmediata dos órganos de participación recollidos na lei, nomeadamente o Consello Galego de Benestar Social e a Mesa Galega de Servizos Sociais.

O Sr. Barreiro Lubián explica que no último pleno tratouse unha mocion no mesmo sentido no que se deixou ver a opinión do PP acerca a prestaión deste tipo de servizos. Quere porse de manifesto a estratexia para a desmantelación do sistema dos servizos sociais.

A Sra. Besada Lores di que van a votar a favor ao coincidir co exposto polo Sr. Barreiro así como da intención da supresión dos CIMM.

A Sra. Ligerio Iglesias di que van a votar en contra.

A Comisión por 6 votos a favor (4 BNG e 2 PSOE), 4 votos en contra do PP e ningunha abstención acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao pleno a súa aprobación."

O Sr. Barreiro Lubián di que esta moción presentada soamente recolle o que establece unha lei aprobada hai dous anos e transcorrido este tempo consideramos que se debe poñer en funcionamento, con todas as dificultades que supón.

O PP estaba de acordo coa lei pero agora alega motivos de crise, está facendo caso omiso da lei. Solicitamos que se aplique e se poñan en funcionamento os servizos básicos.

A Sra. Besada Lores di que o seu grupo vai votar a favor da moción presentada porque entenden que todas as axudas destinadas a servizos sociais como emerxencia recortáronse un 50%, sanidade, educación. Que son servizos básicos e entendemos que son servizos que non se poden recortar.

A Sra. Ligerio Iglesias di que a moción presentada carece de sentido porque a Xunta está implementando servizos. O BNG da Xunta anterior na área de servizos sociais creou "chiringuitos" ou aunha administración paralela.

Desde a Xunta estanse a realizar negociacións para tratar os asuntos do punto 2 apartado 1, 2 e 3. Nos vos enterades da situación porque a CIG non está na mesa e por outra banda a área de igualdade está sen cobertura orzamentaria grazas ao BNG.

O PP está a aplicar o modelo da lei aprobado polo goberno anterior.

O Sr. Barreiro Lubián do que parece que hai moitas reunións si pero para desmantelas o creado polo goberno anterior. O avance máis notable foi o consorcio pero iso recoñeceo calquera.

Credes que é un gasto innecesario e que hai que recortar, para vos soamente parece que ten dereito a educación e sanidade algúns. Pensades que unha educación ou sanidade privada é mellor que o público.

Unha vez rematada a quenda de intervencións e unha vez sometido á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de xullo de 2010 este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

1º. Instar á Xunta de Galiza a que poña en marcha o desenvolvemento pleno da lei de servizos sociais de Galiza, en vigor dende o 18 de marzo de 2009, na que se definen os servizos sociais como un sistema público, xunto coa educación, a sanidade e a seguridade social; na que se recoñece o dereito aos servizos sociais como un dereito das persoas, do conxunto da poboación; e que obriga a incluír nos orzamentos anuais da Xunta e das entidades locais as partidas necesarias para o seu financiamento.

2º.- Instar á Xunta de Galiza que concrete o citado desenvolvemento nos seguintes aspectos:

- Implantación da Tarxeta Social Galega, de carácter persoal que acredita como titular do dereito ao acceso aos servizos sociais. Posta en marcha do expediente social básico único para axilizar no ámbito dos servizos comunitarios, e do Mapal Galego de Servizos Sociais.

- Posta en marcha do Catálogo de servizos sociais integrado polo conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións.

- Revisión urxente da regulación da renda de integración social de Galiza, de xeito que garanta ás persoas en situación de risco de exclusión social o dereito a un mínimo vital en función das características do núcleo de convivencia e o dereito a unha oportunidade real de inclusión socio laboral. E elaboración da lei galega de inclusión social.

- Conosolidación da rede de oficinas comarcais de

servizos específicos que indidan nas situacións de exclusión e desigualdade social.

- Consolidación da xestión pública dos centros de atencións xerontolóxicas que atenden a persoas en situación de dependencia ou en risco de padecela, en particular a rede de centros de día.

- Constitución inmediata dos órganos de participación recollidos na lei, nomeadamente o Consello Galego de Benestar Social e a Mesa Galega de Servizos Sociais.

3417.- PERSOAL, PROPOSTA FESTAS LOCAIS ANO 2011.- Dáse conta á corporación polo Secretario presente na sesión do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de xullo de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta á comisión do expediente tramitado a instancia da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo, Servizo de Relacións Laborais mediante escrito que tivo entrada no Rexistro Xeral do concello de Poio con data 14/07/2010, núm. 4203, no que solicita que se realice a proposta das festas locais pra o ano 2011.

Consta no expediente proposta a alcaldía de data 16 de xullo de 2010 na que propón como festas locais para o ano 2011 o venres, 24 de xuño, San Xoán e o sábado 24 de setembro, Nosa Señora da Mercé.

Sometida a votación a proposta antedida a Comisión acordou ditaminar favorablemente e propor ao pelno a súa aprobación."

Non subscitándose debate ningún por unanimidade dos membros presentes a corporación presta aprobación ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Propoñer como festas locais para o ano 2011 o día 24 de xuño, día de San Xoán e o 24 de setembro, día da Mercé.

Segundo: Comunicar este acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Traballo, Servizo de Relacións Laborais.

3418.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A REAPERTURA DOS CENTROS DA REDE DE DINAMIZACIÓN DA SOCIEDADE DE INFORMACIÓN.- Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación e Deporte de data 5 de xullo de 2010 no que se someteu á consideración da mesma a moción presentada polo BNG sobre a reapertua dos centros da rede de dinamización da rede da sociedade de

información na que solicitan a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a:

- Reabrir os centros da Rede de Dinamización da Sociedade de Información.
- Garantir a sostibilidade da contratación do persoal dinamizador dos centros.
- Garantir que os puntos de acceso público a Internet da rede de continúen a ser gratuítos como o viñan sendo até agora.

A Sra. Díaz Iglesias di que a moción preséntase porque se puxo en coñecemento do Concello que o 30/06/2010 remataba o servizo que se estaba a prestar dunha forma moi eficaz na oficina correspondente.

O novo convenio recolle que os custos do persoal desta oficina teríalos que asumir o concello, establecéndose no propio convenio unha subvención ata o 80%, a subvención sería ata o mes de decembro e por iso solicitamos a permanencia do servizo.

A Sra. Besada Lores di que están de acordo co texto da moción e que votan a favor da mesma porque na actualidade estase a levar un desmantelamento dos servizos públicos e do sistema creado ata agora (orientador, dinamizador...).

O Sr. Martínez Nacemento di que cando hai crise hai que recortar . A reapertura dos centros da rede de dinamización da sociedade de información. A insostibilidade do antigo proxecto obrigou a rematar o mesmo o pasado 30 de xuño. O goberno da Xunta anterior puxo en marcha e financiou dúas redes, a rede de centros de comunicación e a rede de dinamización da sociedade da información. A duplicidade nos equipos de coordinación de proxectos e de xestión, a duplicidade nos contidos e materiais, a duplicidade de proxectos de aulas no mesmo concello e a duplicidade das plataformas web, imaxes e campañas da comunicación e difusión levaron ao goberno da Xunta actual por razóns económicas e de austeridade a rematar o proxecto da rede de dinamización da sociedade de información.

Neste contexto fíxose necesario plantexar un novo proxecto, baixo as premisas de eficiencia e austeridade, xeración de valor e coñecemento e aliñamento cos obxectivos da Estratexia Galega para a Sociedade de Información da Xunta de Galicia. E por iso, o pasado día 25 de febreiro de 2010., o Consello da Xunta aprobou un novo plan para a posta en marcha da rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (Rede CEMIT), Un plan de alfabetización dixital a catro anos.

O proxecto da rede de dinamización tiña un coste anual de 2948145 €. A Xunta aposta por un novo proxecto sostible baseado na cooperación. O Coste deste novo proxecto para o

ano 2011 é de 1998500 €. Isto supón un aforro anual de 950000 €.

Este novo proxecto permitirá ademais a adhesión de todos aqueles centros que dispoñan das infraestruturas necesarias, en particular, poderán beneficiarse os centros pertencentes á Rede de Telecentros de España ubicados en Galicia e, en xeral, as bibliotecas, centros cívicos, así como as asociacións empresariais. Neste proxecto traballouse na búsqueda dun mecanismo baseado na cooperación e implicación dos distintos axentes territoriais, empresariais e administracións. Baixo este modelo habilitaranse mecanismos para a adhesión de todas estas entidades.

Entre as primeiras actuacións, asinouse o pasado 30 de abril de 2010 un protocolo de colaboración entre a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e a Federación Galega de Municipios e Provincias para facilitar a extensión deste novo proxecto entre os Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Sra. Díaz Iglesias di que en Poio non existe duplicidade, a oficina de Combarro traballaba ao 100%, impartíanse cursos de balde para distintos sectores. O concello ten que facerse cargo de todo, xornada completa do persoal, dietas, custos... e a Xunta soamente presta colaboración en propaganda.

Austeridade e crise, a escusa de sempre, para o desmantelamento pero despois destínanse 7500000 en publicidade do Xacobeo, son importes recoñecidos pola Consellería de Facenda.

O Sr. Barreiro Lubián di que nos representamos aos veciños de Poio, e temos que facilitar aos veciños este servizo e agora nos temos que asumir os gastos.

O PP de Poio está de acordo co plantexamento, pero soamente o dicides aquí, en ningún outro sitio máis.

Parécenos ben a austeridade pero para outras cousas.

Unha vez rematada a quenda de intervencións e unha vez sometido á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Turismo e Deportes de data 5 de xullo de 2010 este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a:

- Reabrir os centros da Rede de Dinamización da Sociedade de Información.
- Garantir a sostibilidade da contratación do persoal dinamizador dos centros.
- Garantir que os puntos de acceso público a

Internet da rede de continúen a ser gratuítos como o viñan sendo até agora.

3419.- MOCIÓN DO BNG E PSOE RELATIVA AO MANTEMENTO DAS AXUDAS AOS CENTROS DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención, dáse conta á corporación da moción asinada polos voceiros dos Grupos Municipais do BNG e PSOE relativa ao mantemento das axudas aos Centros de Información ás Mulleres no que tras unha exposición de motivos solicitan a adopción do seguinte acordo:

1. Instar á Xunta a que garanta un financiamento igualitario e suficiente ao conxunto de CIM's sen que haxa merma na prestación do servizo e que se garanta a súa continuada no tempo.

2. Instar á Xunta de Galiza a que potencie o seu funcionamento en rede dos CIM's

3. Instar á Xunta de Galiza a retomar o diálogo cos concellos e as traballadoras destes equipamentos.

Comeza a quenda de deliberacións a Concelleira Fernández González comentando que en días anteriores tiveron unha reunión no que se lle explicou que Poio tería dereito a unha subvención de 4000 € por técnico, é dicir 8000 €, porque na actualidade o CIMM de Poio, conta cunha avogada e unha psicóloga, que teñen unha relación laboral condicionada a unha subvención. Aínda que días despois volveuse a ter unha reunión na que xa aumentaran este importe a 12000 € (por técnico) importe que segue sendo insuficiente para o financiamento e bó funcionamento do servizo. Por iso, con esta moción pretendemos que a Xunta recapacite, porque o CIM de Poio realiza unha labor importante para os veciños, o exemplo máis claro é que o ano pasado tivo máis de 2500 consultas.

O Sr. Domínguez Lino di que os técnicos non son os competentes para ter a reunión para tratar estes temas, trátase dunha cuestión que se debe negociar e tratar entre os políticos para iso fomos elixidos.

A Sra. Besada Lores di que os técnicos están a defender os seus dereitos e os seus postos de traballo.

O Sr. Barreiro Lubián di que estarán de acordo en que a Poio se nos subvencione o mesmo que en anos anteriores e tamén estaredes de acordo en que os concellos negocien coa Xunta para que aos concellos non se lles reduzan as subvencións.

O Sr. Agís Gómez di que antes das reunións cos técnicos houbo unha reunión cos políticos, e a realidade, é que estamos no mes de agosto e aínda non se recibiron os cartos, e o que pedimos é que o servizo se manteña, polo menos nas mesmas condicións que en anos anteriores e queremos saber cal é a vosa opinión.

O Sr. Alcalde di que a Xunta leva máis dun ano desmantelando servizos. Estamos ante dúas formas de entender a prestación dos servizos, xa que o goberno anterior facía un gran esforzo neste senso.

Rematada a quenda de intervencións, sométese a votación a moción presentada cun resultado de 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención quedando esta aprobada e adoptándose o seguinte acordo:

4. Instar á Xunta a que garanta un financiamento igualitario e suficiente ao conxunto de CIM's sen que haxa merma na prestación do servizo e que se garanta a súa continuada no tempo.

5. Instar á Xunta de Galiza a que potencie o seu funcionamento en rede dos CIM's

6. Instar á Xunta de Galiza a retomar o diálogo cos concellos e as traballadoras destes equipamentos.

3420.- MOCIÓN DO BNG E PSOE EN RELACIÓN AO POLÍGONO INDUSTRIAL DE FRAGAMOREIRA.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 6 votos en contra do PP e 1 abstención do Sr. Domínguez Lino, de conformidade co disposto no artigo 96 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (que se ausenta no Salón de Sesións), dáse conta á corporación da moción asinada polos voceiros dos Grupos Municipais do BNG e PSOE relativa á execución do polígono industrial de Fragamoreira que contén unha exposición de motivos e remata solicitando do Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Requirir a XESTUR a elaboración dun calendario establecendo prazos para as distintas fases pendentes de executar.

- Aprobación do plan parcial.
- Expropiación e ocupación dos terreos necesarios.
- Aprobación do plan de urbanización.
- Execución das obras de urbanización.

2º.- Solicitar de XESTUR que se respecten as cantidades acordadas coa Consellería de Vivenda para o

pagamento das expropiacións, sendo xustiza que se actualicen dado tempo transcorrido e os trastornos e impostos que teñen que soportar ata que se lle expropie.

3º.- Solicitar da Xunta de Galiza que nos orzamentos do ano 2011 se consignent as cantidades necesarias para facer frente á expropiación de terreos, a urbanización dos mesmos e a dotación de servizos exteriores tales como auga, saneamento, electricidade e comunicacións.

Comeza a quenda de deliberacións, o Sr. Barreiro Lubián explicando que na exposición de motivos da moción faise un resumo dos trámites levados a cabo para a execución do polígono industrial de Fragamoreira. Trátase dun investimento moi forte, no ano 2005 creouse unha partida para a creación de empresas coa finalidade de xestionar os polígonos. No ano 2000 aprobouse o PXOM de Poio no que se habilitaron solos industriais e foi a partir do ano 2005, cando sufriu un gran impulso pola súa importancia en relación a ubicación e conexión.

Por unha cuestión de normativa medioambiental tivo que expoñerse a información pública, en dúas ocasións, no primeiro exposición e nun primeiro informe non se manifestaron grandes inconvenientes. Sen embargo na segunda exposición, a Deputación Provincial, nunha estrataexia para frear o desenvolvemento do polígono de Poio, informou negativamente, porque non interesa e parece que si interesan outros xestionados pola propia deputación (Barro-Meis).

De calquera xeito, parece o momento de sentarnos porque este polígono é bo para os intereses municipais. Solicitamos que no ano 2011 se dote pola Xunta, coa finalidade de impulsar o polígono, a partida orzamentaria correspondente para levar a cabo a urbanización e dotar de servizos básicos á zona, non fixamos prazos porque pensamos que debe ser froito dunha negociación.

A Sra. Besada Lores di que motivado polo cambio de goberno mantívose unha reunión cos representantes da Xunta onde se puxo de manifesto que si era un polígono que interesa polo demanda de parcela, xa que a pesar da crise a demanda continua. Por iso pensamos que é necesario retomar as negociacións e tamén poñemos de manifesto a nosa preocupación polo mantemento dos prezos, xa que os veciños teñen dúbidas en canto se vai fixar o prezo do m/2.

O Sr. Moldes Martínez di que en manifestacións anteriores chamaron especuladores a aqueles propietarios de pequenas e medianas empresas, que querían ter a posibilidade de poder explotar as súas propias parcelas. Podemos falar da aprobación da moción coa retirada da exposición de motivos, así como a expropiación en relación á retirada dos

mananciais. O PP quere o polígono se faga pero solicitamos que se retire a exposición de motivos e se añada a posibilidade do pagamento en especie dos donos das parcelas e evitar a afección dos mananciais.

O Sr. Barreiro Lubián explica que o 1º especulador é o dono do terreo que a ten para que lle coste algo. Eu non teño terreos pero quen os ten véndeos para quitar o maior beneficio por el e se vas ao diccionario iso é especular.

Eu sei de xente que pensaba comprar por 30 € e vender por 120 €, pensaban no negocio do século.

En relación á retirada da exposición de motivos, non se di nada que sexa mentira, pódense dar as voltas que queirades pero as cousas son así. A Deputación en cuestión de 17 meses cambia de opinión xa que dun informe favorable, informa que a entrada non era suficiente para o tráfico, ata daba a alternativa de facer unha rotonda. Entendemos que se trata dunha cuestión política, que non debería alcanzar aos técnicos. Pero parece que a cuestión é que interesan máis o desenvolvemento doutros polígonos Meis-Barro.

Obtivéronse todos os informes favorables (Augas de Galicia, Patrimonio...) e de repente parálizase todo por un informe negativo de deputación.

Trátase de dous mananciais, sen uso doméstico, pero podemos retrasa o desenvolvemento de todo un polígono por dous mananciais que afectan a dous veciños e cando se fixo a alternativa expropiáronse pozos.

En definitiva, nos o que queremos é que se asuman os compromisos adquiridos cos veciños e solicitamos que se manteñan os prezos, os 18 € non é aleatorio establécese co motivo da ponencia de valores da Xerencia Territorial do Catastro.

Eu, imaxino que que seguedes pensando o de defender os 36 €.

A Sra. Besada Lores di que en ningún momento lle chamou especuladores aos veciños.

O Sr. Moldes Martínez procede a dar lectura dunha intervención da Sra. Besada Lores dun pleno anterior.

A Sra. Besada Lores di que os terreos vendéronse voluntariamente por un prezo e nos queremos que se respecte incluso que se aumente co motivo da actualización.

O Sr. Alcalde di que o lóxico sería que XESTUR ofrecera máis pola venda e solicita que se especifique o sentido da votación xa que durante as intervencións xordiron varias cuestións.

O que si está claro é que no ano 2005 ao PP non lle interesaba o polígono, e grazas ao anterior Xerente de

XESTUR, xa que pola súa acción o polígono de Fragamoreira incluíse dentro das actuacións de XESTUR.

Unha vez rematada a quenda de deliberacións, sométese a votación a moción presentada relativa ao Polígono Industrial este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 6 votos en contra do PP e unha abstención do Sr. Domínguez Lino que de conformidade co establecido no artigo 96 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, ausentouse do salón de sesións antes de comezar o debate. A continuación a Sra. Nieto García solicita unha intervención explicativa do voto do seu grupo manifestando que non votan a favor porque non se incluíron as súas emendas relativas a: pagamento en especie, mananciais e retirada da exposición de motivos.

En virtude da votación obtida adóptase o seguinte acordo:

1º.- Requirir a XESTUR a elaboración dun calendario establecendo prazos para as distintas fases pendentes de executar.

- Aprobación do plan parcial.
- Expropiación e ocupación dos terreos necesarios.
- Aprobación do plan de urbanización.
- Execución das obras de urbanización.

2º.- Solicitar de XESTUR que se respecten as cantidades acordadas coa Consellería de Vivenda para o pagamento das expropiacións, sendo xustiza que se actualicen dado tempo transcorrido e os trastornos e impostos que teñen que soportar ata que se lle expropie.

3º.- Solicitar da Xunta de Galiza que nos orzamentos do ano 2011 se consignent as cantidades necesarias para facer fronte á expropiación de terreos, a urbanización dos mesmos e a dotación de servizos exteriores tales como auga, saneamento, electricidade e comunicacións.

ROGOS.- Polo Sr. Martínez Blanco, dirixíndose a o Sr. Domínguez Lino, realízase o seguinte rogo:

Que, en declaracións posteriores que se realicen aos medios de comunicacións, non se mencionen datos privados dos/as concelleiros/as, como o lugar de residencia, porque hai unha lei de protección de datos que hai que cumprir. De todos os xeitos farei unha queixa por escrito ao PP para que accións como estas non se produzan novamente.

PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Non se producen

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr.

Alcalde levántase a sesión ás vinte e dúas horas, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretario xeral, dou fe.